

DIFERENZAS DO LIBERALISMO		
LIBERALISMO DOUTRINARIO ou MODERADO	LIBERALISMO PROGRESISTA	LIBERALISMO DEMOCRÁTICO (desde 1849)
• Soberanía compartida (Coroa + Cortes representan á nación). • Sufraxio censatario moi restrinxido (só as persoas cun elevado nivel económico ou cultural). Desigualdade política. • Poderes compartidos: Poder lexislativo compartido polas Cortes e a Coroa Supremacía política da Coroa (executivo + participación no lexislativo) • Restrición de dereitos e liberdades. • Confesionalidade do Estado (catolicismo). Restrición á liberdade de culto. • Monarquía constitucional. • Estado unitario e centralista. • Nomeamento dos alcaldes polo goberno. • Proteccionismo económico. • Impostos indirectos. • Representa os intereses da oligarquía (alta burguesía, latifundistas). • Líderes: Martínez de la Rosa, Narváez, O'Donnell, Bravo Murillo... Na Restauración: Cánovas, Silvela, Maura, Dato, De la Cierva... • Fraccións: - Puritanos → Unión Liberal (posicións máis centristas) de O'Donnell e Serrano. - Moderados (Narváez) → No Sexenio Democrático, Afonsinos (Cánovas) → Na Restauración, Partido Liberal Conservador / Partido Conservador (Cánovas, Silvela, Maura, De la Cierva, Dato). - Autoritarios (Bravo Murillo).	• Soberanía nacional (supremacía das Cortes sobre o rei / raíña). • Sufraxio censatario, pero existencia dun menor nivel de renda. • Separación de poderes: - Poder lexislativo nas Cortes (a Coroa só pode convocalas e disolverlas). - Supremacía das Cortes sobre o rei / raíña. • Dereitos e liberdades amplos. • Liberdade de cultos (limitacións ó poder da Igrexa). • Monarquía constitucional. • Estado descentralizado. • Elección de alcaldes. • Liberalismo económico. • Abolición dos impostos de consumos. • Representa os intereses da baixa burguesía (modestos comerciantes, profesionais liberais, profesores...) • Líderes: Mendizábal, Espartero, Madoz, Prim... Na Restauración: Sagasta, Canalejas, Alba, García Prieto, Romanones... • Fraccións - Os máis conservadores intégranse na Unión Liberal. - Progresistas (Espartero, e Prim no Sexenio) → Na Restauración, Partido Constitucional → Partido Liberal Fusionista / Partido Liberal (Sagasta, Canalejas, García Prieto, Romanones...). - Demócratas (Rivero)	• Soberanía popular. • Sufraxio universal masculino (varóns maiores de idade). Defensa da igualdade política. • Estrita separación de poderes: Poder lexislativo nas Cortes. Supeditación do executivo ás Cortes. • Recoñecemento amplo de dereitos e liberdades. • Aconfesionalidade do Estado. Liberdade de cultos. • Monarquía ou república democrática. • Estado unitario ou federal. • Elección popular dos alcaldes. • Estado cun papel social (asistencia, educación... para corrixir as desigualdades sociais). Sistema fiscal forte. • Representa os intereses das clases medias. • Líderes: Rivero, Castelar, Figueras... Na Restauración: Ruíz Zorrilla, Lerroux, Pi i Margall... • Fraccións: - Partido Radical (Ruíz Zorrilla). - Republicanos (desde 1869): Partido Republicano Radical (Lerroux), Partido Republicano Federal (Pi i Margall).
PRINCIPIOS COMÚNS • Defensa dun Estado constitucional. • Recoñecemento da igualdade legal.		

EVOLUCIÓN DAS FORMACIÓNS POLÍTICAS NO S. XIX ATA A RESTAURACIÓN BORBÓNICA

